

RAFAEL FERNÁNDEZ CASAS


Mestre mártir galeguista, mestre republicano, escritor e xornalista comprometido

Andrés Santalla López do CEIP de Ortigueira

Moi pouco material pedagóxico nos queda en calquera das escolas de indianos ou nas escolas rexidas por profesorado republicano e renovador. Este é o caso do mestre Rafael Fernández Casas. Mestre, Escritor e Periodista. Mestre galeguista relacionado coa masonería de Ferrol e Compostela. Mestre das escolas de indianos das Sociedades de Instrucción S. Adrián de Veiga e da Devesana



Rafael co seu alumnado na Devesana




Portada da novela de Rafael Fernández Casas

de Ortigueira, nos anos 20. Rafael foi paseado en Cesuras na mesma mañanciña que Lorca, o 20 de agosto de 1.936, sacado da súa casa nunha noite diante da súa muller, Melisendra, e do seu fillo, Orientado. Rafael tivo outros dous irmáns un deles era comunista e morreu doutra maneira, enviándoo ó frente e sendo asasinado polos mesmos compañeiros; o outro irmán aínda vive hoxe en Compostela, con 99 anos, Manuel (aínda que o seu nome inicial fosa o de Orientado). Os irmáns Fernández Casas naceron en Bos Aires e despois da separación dos pais, a nai viaxou a Compostela, pero as penurias económicas levounos ó hospicio onde se criaron.

Rafael foi un mestre exemplar, renovador nas aulas, pero sobre todo tiña a calidade humana e intelectual precisa para entender que a educación se exerce dentro e fóra das aulas. A súa vida foi entrega-

da á literatura e ó periodismo. Mesmo tivo por amigos a grandes persoeiros da cultura galega. Casares Quiroga mesmo tivo que defendelo xuridicamente por uns problemas co cura da Devesana polas loitas laicas e o poder dos curas.

Aquí temos o exemplo: a súa novela, ¿autorretrato mesturado con ficción? Unha novela sobre a comarca onde vive e ensina, aínda que non é orixinario do Ortegal. Mesmo casa aquí. Como mestre e como cidadán cumpre excelentemente, mesmo en tempos de golpismo de Primo de Rivera, mesmo co cura que usufructúa os bens da Sociedade de Instrucción de Veiga, no seu beneficio particular. Aquí temos unha foto de Rafael cos seus alumnos/as da Devesana, escola laica de Ortigueira, na Serra da Faladoira; por ser un local educativo e sociocultural tiveron mesmo que ir a xuício por acusacións do cura "por bailar desnudos bailes cubanos" e



La Voz de Ortigueira. 1927

Carta de dimisión da Escola de Indianos de San Adrián (Ortigueira)

El Pueblo Gallego. Diario. 1926

Rafael tivo que ser defendido por Casares Quiroga e Pita Romero (un presidente da República e ministro dúas veces, o outro). Rafael Fernández Casas en outubro de 1.926 está en Veiga-Ortigueira, na escola de indianos (desde o 15-6-1924 ata ó 8-10-1926) e escribe en "El Pueblo Gallego" e na "Voz de Ortigueira" (posteriormente) un artigo no que vai indicando todos os que están a traballar por Galicia, pola cultura e a lingua, desde as Irmandades da Fala, desde Nós (Vicente Risco), Leandro Carré (desde A Nosa Terra e dirixindo as "Novelas Lar"; o enriquecemento con obras de Literatura galega, O Seminario d'estudios galegos", as campañas galeguistas de "Pueblo Gallego", Todo isto co "sacrificio que os bos e xenerosos loitadores s'impuxeron para facer rexurdir a Terra, labourando en pro da Fala samente aludados pol-a nobre idea de conquistar para a Galiza os días de groia que noutora a cinguiron, e loitando de cotío coa patía e indiferenza de moitos galegos desgaleguizados que a moita vida na Corte os fixo esquecer nos seus deberes non ten verbas axeitadas que con acerto o chufen.

O problema galeguista na actualidade e estudado por unha selección de intelentuas; por unha minoría inteleutualista definida: lexión de loitadores que camiña...

O único que falla por unir e o pobo. Hai que ire a él; exercelo-o maxisterio sobre del, e unilo, para poder litar todos xuntos den-de-os difrentes sectores da vida social e intelectual, pol-os mesmos intereses; pola mesma santa causa".

Xaneiro, 8 de 1927, "A Voz de Ortigueira" -Año XII- nº 556: cita a quen cambiou a súa lingua de comunicación: cando coñece ó poeta Victoriano Taibo:

"... Espéllemonos nos verdadeiros Mestres nos que levan ergueito o pendón do exempro, e, ora en feixes ora aspallados, sen arredarnos, imitémoslos, como eu imitei ao poeta da Terra victoriano Taibo, e demos exempro como éste luitador o dá en todas bandas." (presentáronllo no outubro de 1923)

".. que desexaba falarle encol da rexencia dunha escola d'emigrados que s'atopaba vacante. Mentras durou a conversa el falou en galego; eu en castelán, decatándome axiña que o poeta pertecía a falanxe dos "bós e xenerosos"; dos galegos integraes."


Lía as poesías de Taibo na revista morta "Suevia" ("Inda era eu un picaro; pouco mais son oxe..").

Cando era picaro lembra unha obra de teatro "Mal de moitos" d'Hermida e Chalons.

Rafael era un home polifacético, un gran mestre, un axente cultural, e un escritor. Un gran mestre innovador, dos que se integrou nas metodoloxías de renovación pedagóxica que introduciron as Escolas Laicas de Indianos e despois foi participante nos cursillos de formación da República.

Neste documento, a carta de dimisión da Escola de Indianos de San Adrián (Ortigueira), indican nos cantas publicacións colaboraba e mesmo que fundou e sostivo o equipo de fútbol da parroquia de San Adrián: "El Pueblo Gallego", de Vigo; El Heraldo guardés, da Garda; "El Compostelano", de Santiago; "El Tea", "La Libertad", "La Democracia", de Ferrol; "El Ideal de Burgos", de Burgos; "La Voz de la Verdad", de Lugo; "La Provincia", de Lugo; o semanario "La Voz de Ortigueira".

Indica que ten publicada unha novela "Lembranzas dun neno" (desaparecida; non atopamos ningún exemplar, aínda que a "Enciclopedia Gallega" tamén o indica na súa reseña sobre Rafal Fdz. Casas)



Como mestre foi singular, como escritor demostrou que se pode escribir unha novela sobre o lugar e xentes onde traballas e vives con grandes recursos literarios, recursos estilísticos propios da narrativa e propios da linguaxe cinematográfica. Neste fragmento da novela indica que os nenos tiñan que realizar unha composición escrita cada luns. Este é o comezo da súa novela:

Loita
I
COXILITRANCO,
pé de barranco,
na corredeira
todo' esboira,

berraban con bós folgos uns pícaros ao sair da escola, vendo rubir pol-a con gostra un probe que adoitaba pedichar esmola nas casinhas caridosas da parroquia, no intre que outros, axuntándose, parolaban encol das derradeiras espri-cacións do seor Méstre, e debatían sobre cal sería o tema mellor á desenrolar no exercicio de redaición que tiñan a obriganzar de levar todol-os lus. Nesta xuntanza atopábase un picariño d'uns doce anos que espoñía as súas razóns con desparpaxo propio de home, e ao que lle daban moito crêto os demais condiscípulos porque era moi apricado.

Como escritor exhibiu unha gran riqueza léxica, incorporando termos propios dialectais da comarca. Mesmo na prensa periódica ensinaba lingua, con grandes habilidades como lingüista.

Rafael pasará a historia como un gran galeguista, un home da Xeración Nós, o impulsor dunha idea que algún día se convertirá en realidade: a celebración en Galicia, do día do Indiano, pola súa contribución á educación no noso país.

Rafael era galeguista, aínda que na escola debeu ter grandes dificultades para o ensino en galego. Por exemplo, nas escolas de indianos a lingua a ensinar era o castelán por ser a lingua de Cuba e os outros países americanos que acollerían ós galegos como emigrantes.

Rafael elaborou un horario coas materias a impartir mañá e tarde. A continuación veñen todos os contidos curriculares correspondentes a cada materia, co selo da escola da Coruña, San Roque de Afuera.

É moi curioso observar as materias e os contidos básicos así como o enfoque que teñen cada unha das materias. Hoxe a Reforma proponnos algo similar na sinxeleza e claridade. Ademais non existía a asignatura de relixión. Está claro que os tempos cambiaron moito.

Notas biográficas

Rafael naceu en Bos Aires no 1901 pero no 1903 a súa nai trasládase con el e o seu irmán (Orientado, hoxe chámase Manuel) irmán que aínda lle vive ós seus 97 anos, en Compostela, xustamente no edificio onde foron recollidos na casa cuna, no Hospicio de Compostela. Rafael na súa xuventude pasa a escribir en semanarios de Compostela, en castelán e sobre temas como a xuventude, Concepción Arenal, etc. Pero a súa vida cambia no ano 1922 cando coñece ó poeta Taibo, o seu galeguismo levouno a traballar como especialista lingüista na prensa periódica, a escribir dúas novelas, a escribir como periodista en múltiples xornais e semanarios de toda Galicia e mesmo do Estado. Como periodista demostrou que a súa vida como mestre foi de compromiso e des-taco o artigo sobre a necesidade de honrar ós Indianos en Galicia co Día do Indiano pola súa aportación á educación; tamén sinalo como importante o artigo sobre "Galicia Rexurde" no que analiza a situación do galego e os ideais galeguistas pero tamén subliña que son uns poucos intelectuais e que hai que traballar para que o pobo se sume a esa loita. A súa vida foi moi intensa e casou cunha muller de Devesos (Ortigueira), Melisendra, morta en febreiro do 2001. Ela sempre lembraba como Rafael tivera que ser defendido polo dúas veces ministro republicano Leandro Pita Romero e polo Presidente da República, Casares Quiroga, precisamente por acusacións do curada parroquia de utilizar a escola laica da Devesana (dos Indianos) para bailes obscenos, de bailes caribeños, con mulleres desnudas, todo isto agochado na escusa de que se romperá un crucifixo durante tal festín. Rafael pasou das escolas de indianos a realizar os cursillos da República que habilitaban para traballar na función pública. Pero a súa vida foi sesgada na mesma mañancaña que Lorca, o 20 de agosto do 1936, non sabemos por que (ou si o sabemos, por ser laico, galego, mestre, comprometido contra os caciques, contra as inxusticias, por escribir unha novela de amor que se titula "Loita", por... Rafael morreu paseado en Trasanquelos (Cesures) sacado á forza da súa casa na noite anterior diante da súa muller e do seu fillo Orientado, que aínda vive en Devesos.